



ANÁLISE

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA
CURSO 2025/2026

CONSERVATORIO DE MÚSICA PROFESIONAL

DE RIBEIRA “ENRIQUE PAISAL”



Índice

| | |
|--|----|
| 1. INTRODUCCIÓN..... | 2 |
| 2. OBXECTIVOS..... | 2 |
| 2.1. Obxetivos xerais..... | 2 |
| 2.2. Obxetivos específicos..... | 3 |
| 3. CONTIDOS..... | 4 |
| 3.1. 5º curso do Grao Profesional..... | 4 |
| 3.2. 6º curso do Grao Profesional..... | 5 |
| 4. METODOLOXÍA..... | 6 |
| 5. AVALIACIÓN..... | 6 |
| 6. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN..... | 7 |
| 6.1. Ponderación e procedimientos de evaluación en cada trimestre..... | 7 |
| 6.2. Mínimos exigidos e cualificación mínima..... | 7 |
| 6.3. Rúbrica de evaluación..... | 7 |
| 7. Atención al alumnado con necesidad específica de apoyo educativo..... | 8 |
| 8. Criterios para la ampliación de matrícula..... | 8 |
| 9. Secuenciación e temporalización..... | 10 |
| 9. Bibliografía..... | 12 |

1. INTRODUCCIÓN

A disciplina de **Análise**, integrada nos cursos 5º e 6º do Grao Profesional, conforme ao currículo oficial galego establecido no **Decreto 203/2007, do 27 de setembro**, polo que se regula o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música, ten como obxectivo fundamental achegar ao alumnado á diversidade de estilos e ás distintas formas de entender a creación musical, e abrangue o estudo da música dende o canto gregoriano ata o século XXI, ofrecendo unha visión diacrónica ampla. O seu obxectivo é complementar a formación harmónica adquirida noutras materias, proporcionando un coñecemento exhaustivo da harmonía tonal funcional e un enfoque analítico sobre música de distintas épocas, co fin de construír unha cultura musical completa.

Está dirixida principalmente a estudiantes que orienten a súa carreira cara á interpretación e pretende subministrar tanto coñecementos teóricos (harmonía, contrapunto, procedementos compositivos) como dimensións históricas, culturais e psicoperceptivas do feito musical, ademais de ferramentas metodolóxicas para abordar a análise desde diferentes perspectivas.

A metodoloxía baséase en criterios lingüísticos, sincrónicos e diacrónicos, entendendo cada obra como parte dun estilo, época e tradición. O análisis estrutural, vinculado á psicopercepción, investiga a relación entre estímulos físicos e comprensión musical.

Nos últimos cursos do grao profesional a materia acada maior relevancia, pois o alumnado xa posúe a preparación necesaria para afondar. O traballo céntrase nun conxunto reducido de obras representativas de cada período e estilo, estudiadas en profundidade para ofrecer unha visión das principais técnicas e criterios metodolóxicos. Tamén se considerarán referencias a músicas non occidentais para favorecer a comparación intercultural.

Finalmente, a análise non só supón adquirir coñecementos teóricos, senón tamén practicar a identificación auditiva dos elementos e procedementos estudiados.

2. OBXECTIVOS

2.1. Obxetivos xerais

O grao profesional das ensinanzas de música ten como obxectivos contribuír a desenvolver nos alumnos e as alumnas as seguintes capacidades:

- Habituarase a escoitar música para formar a súa cultura musical e establecer un concepto estético que lles permita fundamentar e desenvolver os propios criterios interpretativos.

- Desenvolver a sensibilidade artística e o criterio estético como fonte de formación e de enriquecemento persoal.
- Analizar e valorar criticamente a calidade da música en relación cos seus valores intrínsecos.
- Coñecer os valores da música e optar polos aspectos emanados dela que sexan máis idóneos para o desenvolvemento persoal.
- Coñecer e empregar con precisión o vocabulario específico relativo aos conceptos científicos da música.
- Coñecer e valorar o patrimonio musical como parte integrante do patrimonio histórico e cultural.
- Participar en actividades de animación musical e cultural que lles permitan vivir a experiencia de trasladar o goce da música a outros.
- Valorar o dominio do corpo e da mente para utilizar con seguridade a técnica e para concentrarse na audición e interpretación.
- Aplicar os coñecementos harmónicos, formais e históricos para conseguir unha interpretación artística de calidade.
- Ter a disposición necesaria para saber integrarse nun grupo como un membro máis do mesmo ou para actuar como responsable do conxunto.
- Actuar en público con autocontrol, dominio da memoria e capacidade comunicativa.
- Coñecer e interpretar obras escritas en linguaxes musicais contemporáneas como toma de contacto coa música do noso tempo.
- Formarse unha imaxe axustada de si mesmos, das súas características e posibilidades, e desenvolver hábitos de estudio valorando o rendemento en relación co tempo empregado.

2.2. Obxetivos específicos

- Coñecer os principais elementos e procedementos compositivos das distintas épocas e autores, dende o canto gregoriano ata a actualidade.
- Analizar obras dende diferentes puntos de vista que permitan avanzar na súa comprensión.

- Comprender a interrelación dos procedementos compositivos das distintas épocas coas estruturas formais que se derivan deles.
- Escoitar internamente as obras analizadas.
- Tocar esquematicamente nun instrumento polifónico as fórmulas harmónicas más características das obras analizadas.

3. CONTIDOS

3.1. 5º curso do Grao Profesional

1ª AVALIACIÓN:

Unidade 1: O canto gregoriano e os cantos monódicos populares. Modos gregorianos.

Unidade 2: A orixe da polifonía. A idea de consonancia. Principais formas. A cláusula substitutiva.

Unidade 3: O motete, o conductus e o organum desenrolado.

2ª AVALIACIÓN:

Unidade 4: Ars Nova (S. XIV). Isorritmia. Principios de organización compositiva.

Unidade 5: Renacemento. A nova consonancia. Texturas e formas.

Unidade 6: Cancións acompañadas. Monodías. Polarización baixo-melodía.

Unidade 7: Primeiras formas específicamente instrumentais. A Suite.

Unidade 8: Música vocal e música instrumental no Segundo Barroco.

3ª AVALIACIÓN:

Unidade 9: O sistema tonal funcional no senso de Rameau.

Unidade 10: Música vocal: a Cantata e o Oratorio.

Unidade 11: A ópera do Terceiro Barroco.

Unidade 12: Música instrumental: Fuga, Sonata e Concerto.

Unidade 13: Preclasicismos (Rococó, estilo galante, estilo sensible, etc).

3.2. 6º curso do Grao Profesional

1ª AVALIACIÓN:

Unidade 1: Escola de Mannheim. O Clasicismo. Claridade do sistema tonal

funcional. Formas principais.

Unidade 2: A forma sonata.

Unidade 3: Outros movementos da sonata. Movemento lírico.

Unidade 4: Minueto clásico.

Unidade 5: Rondó e rondó sonata.

Unidade 6: O cuarteto de cordas.

Unidade 7: A sinfonía.

Unidade 8: A escea de ópera mozartiana.

Unidade 9: O concerto clásico.

2^a AVALIACIÓN:

Unidade 10: Evolución da composición no Romanticismo. Novidades harmónicas.

Extensión das formas clásicas. Evolucións da sonata. O scherzo. Aparición do neomodalismo e debilidade do sistema tonal. Música cromática.

Unidade 11: Finais do S. XIX. Neomodalismo e postromanticismo. Diversas opcións ó sistema tonal funcional.

3^a AVALIACIÓN:

Unidade 12: Primeiros anos do S. XX. Impresionismo e atonalismo. A obra de Debussy e a Segunda Escola de Viena. Primeiras vanguardas: primitivismo, futurismo, atonalismo, etc.

Unidade 13: Período de entreguerras. Dodecafónico e neoclasicismo. Principais utilizacións da serie e a volta ós valores clásicos.

Unidade 14: Período de posguerra. A grande revolución. Un novo concepto da música. Serialismo integral.

Unidade 15: Música textural. O xesto grande.

Unidade 16: Compositores independentes. Influenzas doutras culturas. Minimalismo, neotonalismo, etc.

4. METODOLOXÍA

Debido á complexidade e extensión dos contidos da materia de Análise, procurarase unha aprendizaxe activa, significativa e construtiva. O obxectivo é que o alumnado, ademais de comprender os principais conceptos musicais vinculados a cada período histórico, poida aplicalos á análise formal, harmónica e estilística, así como á escoita crítica de obras representativas.

Por este motivo, evitarase unha metodoloxía baseada únicamente na exposición do profesorado, fomentando a participación activa e o traballo autónomo do alumnado. Aplicaranse estratexias metodolóxicas activas, entre elas:

- Introdución sintética de cada unidade didáctica a partir de materiais elaborados polo docente, que sirvan de primeira aproximación a cada período e estilo musical.
- Audición e análise de obras significativas, con apoio ou non da partitura, atendendo tanto aos aspectos estruturais como ao seu contexto histórico.
- Comentario de textos relacionados coa teoría musical, a estética e outras fontes que permitan enriquecer a interpretación analítica.
- Elaboración en clase de esquemas, cuestionarios ou mapas conceptuais que sinteticen os procedementos compositivos estudiados.
- Preparación e exposición de traballos orais ou escritos, apoiados en recursos dixitais, sobre cuestiós concretas de análise estrutural, harmónica ou estilística tratadas nas unidades didácticas.

5. AVALIACIÓN

A avaliación do alumnado será continua e integradora polo que é requisito indispensable para superar a materia a asistencia regular ás clases e a realización das actividades programadas que puideran desenrolarse ó longo do curso.

Para a avaliación do alumnado empregarase como ferramenta principal a realización dun **exame** trimestral, co fin de comprobar o grao de adquisición dos contidos propostos. Así mesmo, valorarase a entrega dos traballos analíticos realizados ao longo das sesiós de clase, que deberán ser recompilados e presentados de maneira comentada nun único **traballo trimestral** de carácter obligatorio. Este permitirá constatar a capacidade do alumnado para aplicar os coñecementos teóricos ao estudo práctico das obras musicais.

Segundo os principios metodolóxicos mentados na anterior sección, será de máxima importancia a actitude do alumnado perante tanto o profesor coma os compañeiros e compañeiras.

Ademais dos criterios propios da convivencia xa explicados no apartado anterior, teranse en conta os seguintes criterios específicos:

- a) Identificar mediante a análise os elementos morfolóxicos das distintas épocas do linguaxe musical occidental.
- b) Identificar mediante a análise de obras das distintas épocas da música occidental os elementos e procedementos que configuran a forma a pequena escala.
- c) Identificar mediante a análise de obras das distintas épocas da música occidental, os elementos, procedementos e niveis estruturais que configuran a forma a gran escala.

6. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

A nota final do curso será a media aritmética das tres avaliacións. A nota de cada unha das avaliacións será a media ponderada entre:

6.1. Ponderación e procedimientos de avaliação en cada trimestre

| | |
|---------------------------------|-----|
| Examen | 70% |
| Traballo trimestral obligatorio | 20% |
| Actividades de aula | 10% |

6.2. Mínimos esixidos e cualificación mínima

| | |
|---------------------------------|-----|
| Examen | 5,0 |
| Traballo trimestral obligatorio | 5,0 |

6.3. Rúbricas de avaliação ordinaria

As rúbricas que se presentan neste documento son unha ferramenta común para garantir a **transparencia, a obxectividade e a coherencia** no proceso avaliador das ensinanzas profesionais do Conservatorio. Están deseñadas para proporcionar ao alumnado e ao profesorado un **criterio claro e**

compartido sobre o que se espera da materia e sobre como se valoran as distintas competencias musicais e académicas.

| Dimensión avaliada | 1 – Insuficiente | 2 – Básico | 3 – Competente | 4 – Avanzado | % |
|--|---------------------------------------|---|--|--|-----|
| Identificación formal (formas binarias, ternarias, sonata, fuga, coral, etc) | Non identifica estrutura nin seccións | Identifica seccións básicas | Analiza estrutura e subseccións con coherencia | Analiza estrutura complexa, relacións temáticas e variacións | 25% |
| Reducción harmónica e análise funcional | Non identifica funcións nin cadencias | Identifica funcións básicas con errores | Analiza funcións e cadencias con coherencia | Integra funcións, modulacións, cromatismos e análise comparada | 20% |
| Análise rítmico-melódico-textural | Non distingue patróns | Recoñece patróns básicos | Analiza con detalle ritmo, motivos e textura | Integra análise de ritmo, motivo, textura e orquestración | 20% |
| Contextualización estilística | Non ubica obras nin estilos | Ubica autores/estilos de forma vaga | Relaciona estilo, época e forma | Compara estilos, explica influencias e evolución histórica | 20% |
| Traballo e actitude (entrega, revisión, limpeza das partituras) | Non entrega ou traballo desordenado | Entrega parcial e sen revisión | Entrega ordenada e revisada | Proactividade, corrección e revisión profunda | 15% |

6.4. Aplicación ás probas extraordinarias

As **probas extraordinarias** (avaliacións de recuperación ou convocatoria de setembro) teñen como obxectivo permitir ao alumnado que non superase a avaliación ordinaria demostrar que alcanzou os obxectivos mínimos da materia.

Nas probas extraordinarias mantéñense os mesmos criterios de avaliación establecidos nas rúbricas ordinarias, salvo no relativo á **Traballo e actitude**.

No caso das probas extraordinarias:

- Avaliarase coas **mesmas dimensíons e pesos porcentuais** establecidos na rúbrica ordinaria.
- Os indicadores de logro permanecen **idénticos**, garantindo equidade e coherencia.

7. Atención al alumnado con necesidad específica de apoyo educativo

La atención a la diversidad debe garantizar estrategias pedagógicas inclusivas que respondan a las necesidades individuales del alumnado, promoviendo un entorno equitativo y estimulante. Su implementación se basa en adaptaciones específicas, recursos didácticos flexibles y acciones que

fomenten el desarrollo integral de cada estudiante, independientemente de sus características personales, habilidades o contextos. La metodología propuesta se fundamenta en el modelo **DUA** (**Diseño Universal para el Aprendizaje**), que busca ofrecer múltiples formas de acceso, participación y expresión para atender a la diversidad de estudiantes.

La atención a la diversidad incorpora mecanismos flexibles que aseguran respuestas pedagógicas adaptadas a las particularidades individuales, a los contextos socioculturales y a los distintos perfiles académicos. Estas prácticas buscan equilibrar la adquisición de las competencias con el reconocimiento de diferencias en ritmos de aprendizaje, motivaciones o condiciones físicas, sin comprometer los estándares curriculares básicos requeridos para la habilitación profesional. Dentro de este marco de referencia, todas las adaptaciones operarán dentro de los límites definidos por las competencias fundamentales de la asignatura, asegurando que las modificaciones no afecten la capacidad futura del ejercicio profesional. Este enfoque multidimensional prioriza la inclusión sin sacrificar la excelencia académica, integrando flexibilidad operativa con rigor curricular.

8. Criterios para a ampliación de matrícula

Con carácter excepcional, e de acordo co establecido na lexislación vixente, poderá solicitarse a ampliación de matrícula ao curso seguinte. Para isto seguirase o seguinte procedemento:

- A solicitude de ampliación de matricula a outro curso académico deberá ser solicitada pola persoa interesada (no caso de maiores de idade. En caso de menores deberá ser solicitada polos tutores legais) a través do Rexistro Xeral do Concello de Ribeira antes do 15 de novembro do curso académico correspondente.
- A comisión de avaliación (formada polo profesorado que lle imparte materias ao interesado/a) deberá avaliar mediante un exame por cada unha das asignatura do curso no que estea matriculado. Este exame terá lugar antes de que comece o 2º trimestre do curso.
- A comisión emitirá un informe que será favorable se o/a solicitante acada unha nota mínima dun 9 en cada un dos mencionados exames.
- O Consello Escolar, á vista dos informes da comisión de avaliación decidirá sobre a ampliación ou non do alumnado proposto.

9. Secuenciación e temporalización

5º curso do Grao Profesional

| | Semana | Sesión nº / Unidade – Contido |
|----------------------|---------------|---|
| 1ª AVALIACIÓN | Semana 1 | Sesión 1: Presentación + evaluación inicial Sesión 2: U1 Canto gregoriano: contexto histórico |
| | Semana 2 | Sesión 3: U1 Modos gregorianos I Sesión 4: U1 Modos gregorianos II |
| | Semana 3 | Sesión 5: U2 Orixé da polifonía: ideas iniciais Sesión 6: U2 Consonancia |
| | Semana 4 | Sesión 7: U2 Formas polifónicas · Sesión 8: U2 Cláusula substitutiva |
| | Semana 5 | Sesión 9: U3 Motete · Sesión 10: U3 Conductus |
| | Semana 6 | Sesión 11: U3 Organum desenrolado I Sesión 12: U3 Organum desenrolado II |
| | Semana 7 | Sesión 13: U3 Aplicación práctica Sesión 14: Non lectivo – Día do Ensino |
| | Semana 8 | Sesión 15: U3 Análise de exemplos Sesión 16: U3 Práctica comparativa |
| | Semana 9 | Sesión 17: Repaso xeral Sesión 18: Repaso xeral |
| | Semana 10 | Sesión 19: Repaso xeral Sesión 20: Avaliación |
| | Semana 11 | Sesión 21: Devolución/corrección · Sesión 22: Peche e revisión final 1ª avaliação |
| 2ª AVALIACIÓN | Semana 12 | Sesión 23: U4 Ars Nova, introducción e contexto · Sesión 24: U4 Isorritmia e principios compositivos |
| | Semana 13 | Sesión 25: U5 Renacemento, nova consonancia I · Sesión 26: U5 Renacemento, texturas/formas II |
| | Semana 14 | Sesión 27: U5 Análise de motetes/chansons · Sesión 28: U5 Actividade práctica |
| | Semana 15 | Sesión 29: U6 Cancións acompañadas, monodías · Sesión 30: U6 Polarización baixo-melodía |
| | Semana 16 | Sesión 31: U7 Primeiras formas instrumentais, Suite I · Sesión 32: U7 Suite II |
| | Semana 17 | Sesión 33: U8 Música vocal vs instrumental Segundo Barroco I · Sesión 34: U8 Segundo Barroco II |
| | Semana 18 | Sesión 35: U8 Segundo Barroco II Sesión 36: Repaso |
| | Semana 19 | Sesión 37: Repaso Sesión 38: Avaliación |
| | Semana 20 | Sesión 39: Devolución/corrección avaliação · Sesión 40: Actividades de reforzo ou ampliación |

| | | |
|----------------------|-----------|--|
| 3ª AVALIACIÓN | Semana 21 | Sesión 41: Actividade especial ou proxecto transversal · Sesión 42: Peche 2ª avaliação |
| | Semana 22 | Sesión 43: U9 Sistema tonal funcional segundo Rameau I · Sesión 44: U9 Sistema tonal funcional II |
| | Semana 23 | Sesión 45: U10 Música vocal: Cantata e Oratorio I · Sesión 46: U10 Cantata e Oratorio II |
| | Semana 24 | Sesión 47: U11 Ópera do Terceiro Barroco I · Sesión 48: U11 Ópera do Terceiro Barroco II |
| | Semana 25 | Sesión 49: U12 Fuga (introducción) · Sesión 50: U12 Sonata |
| | Semana 26 | Sesión 51: U12 Concerto · Sesión 52: U12 Actividade práctica (análise dunha fuga) |
| | Semana 27 | Sesión 53: U13 Preclasicismos (Rococó, estilo galante...) I · Sesión 54: U13 Preclasicismos II |
| | Semana 28 | Sesión 55: Repaso xeral Sesión 56: Repaso xeral |
| | Semana 29 | Sesión 57: Repaso xeral Sesión 58: Avaliación |
| | Semana 30 | Sesión 59: Devolución/corrección final · Sesión 60: Peche e revisión final curso |

6º curso do Grao Profesional

| | Semana | Sesión nº / Unidade – Contido |
|----------------------|---------------|--|
| 1ª AVALIACIÓN | Semana 1 | Sesión 1: Presentación + Avaliación inicial · Sesión 2: U1 Escola de Mannheim. O Clasicismo. |
| | Semana 2 | Sesión 3: U1 Continuidade · Sesión 4: U2 A forma sonata (introducción) |
| | Semana 3 | Sesión 5: U2 Desenvolvimento da forma sonata · Sesión 6: U3 Outros movementos da sonata. Movemento lírico |
| | Semana 4 | Sesión 7: U4 Minueto clásico · Sesión 8: U5 Rondó e rondó sonata |
| | Semana 5 | Sesión 9: U6 O cuarteto de cordas I · Sesión 10: U6 O cuarteto de cordas II |
| | Semana 6 | Sesión 11: U7 A sinfonía I · Sesión 12: U7 A sinfonía II |
| | Semana 7 | Sesión 13: U8 A escena de ópera mozartiana I · Sesión 14: Non lectivo – Día do Ensino |
| | Semana 8 | Sesión 15: U8 A escena de ópera mozartiana II · Sesión 16: U9 O concerto clásico I |
| | Semana 9 | Sesión 17: U9 O concerto clásico II · Sesión 18: Repaso |
| | Semana 10 | Sesión 19: Repaso xeral Sesión 20: Avaliación |
| | Semana 11 | Sesión 21: Devolución/corrección · Sesión 22: Peche e revisión final 1ª avaliação |

| | | |
|---------------|-----------|---|
| 3ª AVALIACIÓN | Semana 12 | Sesión 23: U10 Evolución da composición no Romanticismo. Sesión 24: U10 Evolucións da sonata. |
| | Semana 13 | Sesión 25: U10 Música cromática e debilidade do sistema tonal · Sesión 26: U11 Finais do S. XIX. Neomodalismo e postromanticismo |
| | Semana 14 | Sesión 27: U11 Diversas opcións ó sistema tonal funcional I · Sesión 28: U11 Diversas opcións ó sistema tonal funcional II |
| | Semana 15 | Sesión 29: Repaso Sesión 30: Preparación avaliación |
| | Semana 16 | Sesión 31: Preparación avaliación Sesión 32: Avaliación |
| | Semana 17 | Sesión 33: Devolución/corrección avaliación · Sesión 34: Actividades de reforzo ou ampliación |
| | Semana 18 | Sesión 35: Actividade especial ou proxecto transversal · Sesión 36: Peche 2ª avaliación |
| | Semana 19 | Sesión 37: U12 Primeiros anos do S. XX. Impresionismo e atonalismo I · Sesión 38: U12 Debussy e Segunda Escola de Viena |
| | Semana 20 | Sesión 39: U12 Primeiras vanguardas: primitivismo, futurismo, atonalismo Sesión 40: U13 Período de entreguerras. Dodecafonismo e neoclasicismo I |
| | Semana 21 | Sesión 41: U13 Principais utilizacións da serie · Sesión 42: U14 Período de posguerra. Serialismo integral I |
| | Semana 22 | Sesión 43: U14 Serialismo integral II · Sesión 44: U15 Música textural. O xesto grande I |
| | Semana 23 | Sesión 45: U15 Música textural II · Sesión 46: U16 Compositores independentes. Influencias doutras culturas I |
| | Semana 24 | Sesión 47: U16 Minimalismo, neotonalismo I · Sesión 48: U16 Minimalismo, neotonalismo II |
| | Semana 25 | Sesión 49: Repaso Sesión 50: Repaso |
| | Semana 26 | Sesión 51: Preparación avaliación final Sesión 52: Avaliación |
| | Semana 27 | Sesión 53: Devolución/corrección final · Sesión 54: Actividades de reforzo ou ampliación |
| | Semana 28 | Sesión 55: Actividade especial ou proxecto transversal · Sesión 56: Peche avaliación final |
| | Semana 29 | Sesión 57: Repaso xeral do curso · Sesión 58: Traballo integrador ou audición final |
| | Semana 30 | Sesión 59: Peche curso – revisión global · Sesión 60: Conclusión e despedida do curso |

10. Bibliografía

- Caplin, William E. (2013). *Analyzing Classical Form. An Approach for the Classroom*. Oxford University Press.
- Lester, Joel. (2005). *Enfoques analíticos de la música del siglo XX*. Akal.
- Lorenzo de Reizábal, Arantza y Lorenzo de Reizábal, Margarita. (2005). *Análisis musical*.

- Claves para entender e interpretar la música.* Boileau.
- Roldán Samiñán, Ramón. (1998). *Análisis de las formas musicales*. Ediciones Si Bemol.
- Szekely, Katalin. (2020). *Análisis 1º*. Editorial Piles.
- Szekely, Katalin. (2020). *Análisis 2º*. Editorial Piles.